



Sodiga

Exercicio 1994

Sodiga

Exercicio 1994



Información Xeral

 **COMPOSICIÓN DO CAPITAL SOCIAL**

 **CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN**

 **EQUIPO DIRECTIVO**

 **ORDE DO DÍA**

COMPOSICIÓN DO CAPITAL SOCIAL

Ó 31 de decembro de 1994

ACCIONISTAS	%	IMPORTE (Pts)
IGAPE	20,19	735.623.000
XUNTA DE GALICIA	15,41	561.656.000
TENEO	31,00	1.129.573.000
CAIXA GALICIA	9,36	341.025.000
CAIXA VIGO	7,06	257.371.000
CAIXA OURENSE	4,98	181.258.000
BANCO PASTOR	4,30	156.674.000
BANCO BILBAO VIZCAYA	2,82	102.565.000
CAIXA PONTEVEDRA	1,95	71.170.000
STÉ DE DÉVELOPPEMENT RÉGIONAL DE BRETAGNE	1,00	36.438.000
STÉ DE DÉVELOPPEMENT RÉGIONAL DE L'OUEST	1,00	36.438.000
BANCO EXTERIOR DE ESPAÑA	0,93	33.993.000
TOTAIS	100,00	3.643.784.000

MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

Ó 31 de decembro de 1994

PRESIDENTE

D. José Luciano Martínez Covelo

VICEPRESIDENTE

XUNTA DE GALICIA, representada por
D. Joaquín del Moral Crespo

VOCALIS

D. Luis Carrera Pásaro

D. Fernando Díaz Fernández

D. Nicolás Henríquez Sánchez

D. Samuel Jesús Juárez Casado

D. Pedro Nalda Condado

D. Juan Ramón Puertas Hernández

D. Víctor Tello Calvo

D. José Vidal Rey

SECRETARIO

D. Fernando García Agudín

**Na data da celebración da Xunta Xeral, o Consello de Administración
está composto polos seguintes membros:**

PRESIDENTE

D. José Luis Fernández García

VICEPRESIDENTE

XUNTA DE GALICIA, representada por
D. Joaquín del Moral Crespo

VOCALIS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE),
representado por D. Jorge González Gurriarán

D. José Antonio Gómez Segade

D. Samuel Jesús Juárez Casado

Doña Margarita Rodríguez Rama

D. Víctor Tello Calvo

D. Francisco Domínguez Martínez

D. Fernando Díaz Fernández

D. Enrique Centelles Echeverría

D. Carlos Velasco Garrido

SECRETARIO

D. Fernando García Agudín

EQUIPO DIRECTIVO

PRESIDENTE - DIRECTOR XERAL

D. José Luciano Martínez Covelo

DIRECTOR ECONÓMICO-FINANCEIRO

D. Xoán López Facal

DIRECTOR DE CONTROL DE PARTICIPADAS

D. Luis Soto Baño

DIRECTOR DE DESENVOLVEMENTO

D. Camilo Nogueira Román

DIRECTOR DE PROMOCIÓN

D. Raimundo Viejo Viñas

DIRECTOR DE SERVIZOS XURÍDICOS

D. Manuel Mucientes Iglesias

Con data 17 de febreiro de 1995 cesa no seu cargo D. José Luciano Martínez Covelo, sendo substituído como Presidente-Director Xeral por D. José Luis Fernández García.

ORDE DO DÍA

XUNTA XERAL ORDINARIA DE ACCIONISTAS - EXERCICIO 1994

- 1** Exame e aprobación, se procede, da Memoria, Balanzo e Conta de Perdas e Ganancias e Informe de Xestión correspondentes ó exercicio 1994 e, así mesmo, da Xestión do Consello de Administración.
- 2** Acordo sobre a Proposta de Aplicación do Resultado.
- 3** Renovación e Ratificación de Conselleiros.
- 4** Aprobación da Acta e, no seu caso, designación dos Interventores para tal aprobación.



Contas anuais

 **BALANZO**

 **CONTA DE PERDAS E GANANCIAS**

 **MEMORIA**

BALANZO

Ó 31 de decembro

**ACTIVO****1994****1993**

B) INMOBILIZADO	1.906.968.308	2.134.067.068
II. INMOBILIZACIÓNS INMATERIAIS	179.222	138.682
III. INMOBILIZACIÓNS MATERIAIS	83.809.236	71.009.946
Terreos e bens naturais	24.627.910	16.927.910
Construcións varias	62.304.185	53.280.573
Outras instalacións	5.389.217	5.158.642
Mobiliario	17.248.394	17.053.214
Equipos procesos de información	11.224.757	10.596.179
Elementos de transporte	4.493.641	4.623.541
Outro inmovilizado material	5.409.683	5.187.410
Amortización acumulada inmob. material	(46.888.551)	(41.817.523)
IV. INMOBILIZACIÓNS FINANCEIRAS	1.758.324.633	1.962.486.457
Investimentos en capital	1.099.761.084	1.285.587.998
Anticipos de desinwestimentos en capital	(11.153.846)	(3.000.000)
Préstamos a empresas participadas	1.016.920.432	977.735.299
Revaluación de investimentos en capital	71.225.051	82.876.186
Provisión depreciacións financeiras	(418.116.815)	(378.942.074)
Autoseguro sobre participacións	(311.273)	(1.770.952)
VI. DÉBEDAS A LONGO PRAZO	64.655.217	100.431.983
Por desinwestimentos	61.399.343	97.176.109
Outros debedores	3.255.874	3.255.874
D) CIRCULANTE	2.120.788.368	1.930.879.100
III. DEBEDORES	494.986.505	477.061.444
Amortizacións de préstamos vencidas	214.913.256	206.436.608
Por operacións con participadas	31.574.194	34.605.992
Por desinwestimentos	123.164.400	138.489.034
Por efectos devoltos	48.035.001	32.876.234
Entidades públicas debedoras	22.335.362	15.512.233
Persoal e outros debedores	54.964.292	49.141.343
IV. INVESTIMENTOS FINANCEIROS TEMPORAIS	1.481.477.713	1.152.604.137
V. OUTRAS CONTAS NON BANCARIAS	—	26.796
VI. TESOURARIA	142.338.693	293.024.162
Bancos contas correntes	141.938.693	292.624.162
Caixa	400.000	400.000
VII. AXUSTES POR PERIODIFICACIÓN	1.985.457	8.162.561
TOTAL ACTIVO	4.027.756.676	4.064.946.168
CONTAS DE ORDE	6.350.668	6.350.668

BALANZO

Ó 31 de decembro



PASIVO

1994

1993

A) FONDOS PROPIOS	3.957.476.111	3.998.372.082
I. CAPITAL SUBSCRITO	3.643.784.000	3.643.784.000
IV. RESERVAS	261.671.590	215.260.305
Reservas Legais	64.223.517	50.290.739
Reservas voluntarias	197.448.073	164.969.566
VI. PERDAS E GANANCIAS	52.020.521	139.327.777
C) PROVISIÓN PARA RISCOS E GASTOS	39.000.000	39.000.000
Provisións xenéricas	39.000.000	39.000.000
E) ACREDORES A CURTO PLAZO	31.280.565	27.574.086
IV. ACREDORES COMERCIAIS	4.603.685	3.748.540
V. OUTRAS DÉBEDAS NON COMERCIAIS	22.835.249	21.103.872
Entidades públicas acreedoras	11.737.633	13.002.809
Acredores diversos	11.097.616	8.101.063
VII. AXUSTES POR PERIODIFICACIÓN	3.841.631	2.721.674
TOTAL PASIVO	4.027.756.676	4.064.946.168
CONTAS DE ORDE	6.350.668	6.350.668



CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

Ó 31 de decembro



GASTOS	1994	1993
GASTOS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS		
3. Gastos de persoal	150.292.716	141.785.230
Soldos e salarios	122.331.557	112.632.799
Cargas sociais	27.961.159	29.152.431
4. Dotacións para amortización de inmovilizado material	5.152.541	4.384.184
6. Outros gastos de explotación	66.611.069	86.037.699
Consello, servizos e outros	66.611.069	86.037.699
8. Variacións das provisións de investimentos financeiros	90.693.388	117.668.261
Dotación a provisións	90.693.388	117.668.261
9. Diferencias negativas de cambio	14.932	17.001
Total gastos das actividades ordinarias	312.764.646	349.892.375
III. Beneficio das actividades ordinarias	45.934.842	129.091.505
PERDAS E GASTOS EXTRAORDINARIOS		
11. Perdas procedentes do inmovilizado inmaterial, material e carteira de control	220.387	1.400.717
14. Gastos e perdas de outros exercicios	544.952	1.643.088
Total gastos extraordinarios	765.339	3.043.805
IV. Resultados extraordinarios positivos	6.085.679	15.774.228
V. Beneficios antes de impostos	52.020.521	144.865.733
15. Imposto sobre sociedades	—	5.537.956
VI. Resultado do exercicio (Benef.)	52.020.521	139.327.777

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

Ó 31 de decembro



INGRESOS

1994

1993

INGRESOS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS

1. Ingresos financeiros	320.398.268	419.635.220
Ingresos de participación	83.299.888	116.237.918
Ingresos de préstamo	103.409.037	119.554.251
Ingresos por xuros diferidos	10.477.219	29.399.781
Ingresos por investimentos financeiros temporais	123.212.124	154.443.270
2. Outros ingresos	38.301.220	59.348.660
Subvencións á explotación	12.317.346	27.610.000
Comisións, servizos e outros	25.983.874	31.738.660
Total ingresos das actividades ordinarias —	358.699.488	478.983.880

BENEFICIOS E INGRESOS EXTRAORDINARIOS

9. Beneficios en alleamento de inmovilizado inmaterial, material e carteira	—	566.063
12. Ingresos extraordinarios	193.055	903.656
13. Ingresos e beneficios de outros exercicios	6.657.963	17.348.314
Total ingresos extraordinarios —	6.851.018	18.818.033



MEMORIA

1. ACTIVIDADE DA SOCIEDADE.

A “**SOCIEDADE PARA O DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL DE GALICIA, S.A.**” foi constituída, ó abeiro do Decreto 2182 do 21 de xullo de 1972, o 14 de novembro do mesmo ano, e configurada xuridicamente como Sociedade Anónima por tempo indefinido.

O obxecto social é a promoción e impulso do desenvolvemento industrial de Galicia mediante o investimento financeiro, o asesoramento, o fornecemento de servizos, a elaboración de estudos e calisquer outras actividades encamiñadas ó cumprimento do seu obxecto social.

O domicilio social encóntrase en 15701 Santiago (A Coruña), rúa Ourense, nº 6.

2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS.

As contas anuais elaboráronse a partir dos rexistros contábeis de SODIGA, téndose aplicado as disposicións legais vixentes en materia contábel co obxecto de amosar unha imaxe fiel do patrimonio, situación financeira e resultados obtidos pola Sociedade.

3. NORMAS DE VALORACIÓN.

a) Inmobilizacións inmateriais.

Están constituídas pola marca e rótulo de establecemento da Sociedade, valoradas ó seu custo orixinario actualizado pola taxa quinquenal cargada polo Rexistro da Propiedade Industrial.

b) Inmobilizacións materiais.

Rexístranse polo seu custo de adquisición regularizado de acordo coas disposicións vixentes (leis 1/1979 e 74/1980). A amortización calcúlase mediante o método lineal, en función dos anos de vida útil legalmente estimados para os diferentes elementos do activo, de acordo co detalle seguinte:

ACTIVOS AMORTIZABEIS	Anos de vida útil estimados
Edificios	50
Instalacións e mobiliario	10
Equipos de oficina	5
Elementos de transporte	8

c) Inmobilizacións financeiras.

Os títulos correspondentes ás accións rexístranse polo seu prezo de adquisición.

Os préstamos concedidos ás empresas participadas rexístranse polo seu valor de concesión.

O principal dos préstamos vencidos así como os xuros vencidos dos mesmos, preséntanse no epígrafe de Debedores no balanço de situación.

As revalorizacións dos investimentos no capital daquelas accións sometidas a contrato de promesa de compravenda a prazo con cláusula de revalorización, rexístranse polo importe da revaluación devengada á data do balanço.

Non se recollen no balanço as plusvalías latentes nas empresas con participación non suxeita a contrato de compravenda a prazo con cláusula de revaluación, cando o seu valor contabel supere o de adquisición.

A Sociedade segue o criterio de dotar provisións específicas para a cobertura da depreciación da carteira e os riscos de insolvencia dos préstamos, así como calisquer outros activos financeiros de dubidosa realización.

A Sociedade ten dotado unha provisión xenérica con obxecto de facer fronte a eventuais minusvalías futuras derivadas das incertidumes da situación económica xeral. A provisión estableceuse seguindo pautas subministradas pola experiencia histórica. Nalgunhas sociedades constitúense garantías adicionais sobre o investimento financeiro en participacións e préstamos mediante un convenio de afianzamento subscrito coa Compañía Española de Reafianzamiento (antes Sociedad Mixta de Segundo Aval). Unha parte desta cobertura materialízase nun autoseguro sobre participacións afianzadas pola Compañía Española de Reafianzamiento.

d) Imposto sobre Sociedades.

SODIGA disfruta dun marco fiscal específico regulado polo Régimen Fiscal de las Sociedades de Desarrollo Industrial Regional, de acordo coa Lei 18/1982 do 26/5, que establece determinadas bonificacións e desgravacións sobre a base imponible.

e) Garantías comprometidas.

En contas de orde consígnase o risco vivo en concepto de garantías comprometidas, que ascende a 6.350.668.- Pts. a 31/12/94, por avals concedidos ás participadas.

4. INMOBILIZACIÓNS FINANCEIRAS E VARIACIÓNS PATRIMONIAIS MÁIS SIGNIFICATIVAS.

A composición por vencimentos das Inmobilizacións Financeiras durante os dous últimos exercicios foi a seguinte:

Vencimentos	Participacións	Revaluacións	Préstamos non vencidos
Compromisos vencidos	122.741.914	46.310.976	—
Vencimentos 1994	263.798.000	36.565.210	267.744.218
1995 e seguintes	896.048.084	—	709.991.081
SALDO (31/12/93)	1.282.587.998	82.876.186	977.735.299
Compromisos vencidos	179.298.000	43.870.776	—
Vencimentos 1995	217.931.154	27.354.275	234.662.866
1996 e seguintes	691.378.084	—	782.257.566
SALDO (31/12/94)	1.088.607.238	71.225.051	1.016.920.432

As variacións patrimoniais rexistradas nos dous últimos exercicios foron:

Movimentos	Participacións	Revaluacións	Préstamos non vencidos
SALDO (31/12/92)	1.313.517.723	84.390.787	964.846.790
Altas	184.774.000	113.828.918	374.726.000
Baixas	201.851.340	115.343.519	361.837.491
Aplicación de provisións	13.852.385	—	—
SALDO (31/12/93)	1.282.587.998	82.876.186	977.735.299
Altas	54.995.000	82.992.598	350.648.000
Baixas	230.407.029	94.403.733	292.847.478
Aplicación de provisións	18.568.731	240.000	18.615.389
SALDO (31/12/94)	1.088.607.238	71.225.051	1.016.920.432

O movemento da provisión específica para riscos, incluído o fondo de autoseguro, foi o seguinte:

SALDO 31/12/92	277.761.542
Dotacións	117.668.261
Aplicacións	14.716.777
SALDO 31/12/93	380.713.026
Dotacións	90.693.388
Aplicacións	52.978.326
SALDO 31/12/94	418.428.088

As aplicacións durante 1994 destináronse ó saneamento do inmovilizado financeiro por 37.424.120 Pts., segundo o desglose descrito, correspondendo o resto, 15.554.206.- Pts. ó saneamento de debedores.

5. CARTEIRA DE EMPRESAS ASOCIADAS.

A relación das empresas participadas en actividade e con participación igual ou superior ó 20 % e a seguinte:

SOCIEDADE PARA O DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL DE GALICIA, S.A.

Detalle das empresas con participación superior ó 20 %
Data do 31 de decembro de 1994.
(Expresado en millóns de Pts.)

EMPRESA	Domicilio social	Porcentaxe de participación	Capital social
Gestión Energética de Galicia, S.A.	C/. Hórreo 94 - ent. esq. Santiago (A Coruña)	42,550	10,57
Huerta de Mandiá, S.A.	Mandiá - Ferrol (A Coruña)	25,000	26,00
Alimentos del Noroeste, S.A.	Pol. de S. Cibrao de Viñas Ourense	40,000	35,00
Magaplast, S.A.	O Cerquido-Salceda de Casela (Pontevedra)	25,000	60,00

Termojet, S.A.	Avda. Aeroporto de Vigo, 119 Mos (Pontevedra)	25,000	40,00
Palet España, S.A.	Pol. Ind. de As Gándaras de Budiño O Porriño (Pontevedra)	40,000	50,00
Emilio Maffezini, S.A.	San Sadurniño (A Coruña)	30,000	50,00
Dinak, S.A.	Avda. de Castelao, 73 - 4º C Vigo (Pontevedra)	25,000	80,00
Molduras de Galicia, S.A.	As Lagoas - Narón (A Coruña)	22,222	45,00
Nak Electrónica, S.A.	Avda. Castelao, 73 Vigo (Pontevedra)	28,571	14,00
Acuinova Galicia, S.A.	José Fdez. López, s/n. Chapela (Pontevedra)	24,090	581,46
Eurobandas, S.A.	Vincios - Tui (Pontevedra)	24,990	75,00
Unión Distribuidora de Electricidad, S.A.	Avda. de Lugo, 125 - 2º C Santiago (A Coruña)	30,000	100,00
Neoplástica España, S.A.	Salceda de Caselas (Pontevedra)	24,970	200,00
Mecamos, S.A.	Rans, 20 - Tameiga Mos (Pontevedra)	25,000	16,00
Aprohigasa	Avda. de La Habana, 24 (Ourense)	20,000	225,00
Vecino S.A.	Polígono de Sabón Arteixo (A Coruña)	30,380	182,00
Bonsai de Galicia, S.A.	Vilarpiñeiro - Vedra (A Coruña)	20,000	20,00
Fomento Habitacional, S.A.	Salvaterra do Miño (Pontevedra)	20,000	12,50
Insuiña, S.A.	Ardía, 172 - O Grove (Pontevedra)	21,080	13,14

6. INGRESOS E GASTOS.

a) Ingresos.

A case totalidade dos ingresos da Sociedade teñen carácter financeiro, como corresponde á índole da súa actividade.

b) Gastos.

Gastos do persoal:

O epígrafe de cargas sociais recolle, aparte do habitual concepto da Seguridade Social a cargo da empresa, outros Gastos Sociais que comprenden:

Cursiños diversos	298.825.-
Premios, axudas e outros	1.475.496.-
TOTAL	1.774.321.-

Outros gastos de explotación:

O importe rexistrado no exercicio descomponse como segue:

Gastos do consello e colaboradores	15.320.400.-
Reparacións e fornecementos varios	6.937.592.-
Gastos de viaxe	7.206.288.-
Servizos auxiliares	8.458.311.-
Comunicacións	4.148.444.-
Public. propaganda e relacións públicas	5.150.648.-
Promoción exterior	14.566.357.-
Outros gastos	4.823.029.-
TOTAL	66.611.069.-

7.- CADROS DE FINANCIAMENTO.

A orixe e aplicación dos recursos, así como as variacións rexistradas no capital circulante, resúmense nos seguintes cadros:

CADRO DE FINANCIAMENTO EXERCICIOS 1994-1993

 APLICACIÓN	1994	1993
VARIACIÓN DO INMOBILIZADO		
Inmaterial	40.540	—
Material	18.172.218	12.996.409
INVESTIMENTO FINANCEIRO		
Participacións	54.995.000	184.774.000
Préstamos	350.648.000	374.726.000
Revaluacións de participacións	82.992.598	113.828.918
DIVIDENDOS	92.916.492	103.847.844
TOTAL APLICACIÓN	599.764.848	790.173.171
INCREMENTO DO CAPITAL CIRCULANTE	201.756.995	260.052.047

 ORIXE	1994	1993
RECURSOS PROCEDENTES DAS OPERACIÓNS	147.866.450	261.380.222
ALLEAMENTO INMOBILIZACIÓNS MATERIAIS	220.387	2.557.917
DESINVESTIMENTOS FINANCEIROS		
Participacións	230.407.029	201.851.340
Préstamos	203.992.556	267.583.329
Revaluacións de participacións	94.403.733	115.343.519
DESINVESTIMENTO POR TRASPASO PTMO. VENC. A DEBEDORES A CURTO PRAZO	88.854.922	94.254.162
DEBEDORES A LONGO PRAZO	35.776.766	107.254.729
TOTAL ORIXE	801.521.843	1.050.225.218

VARIACIÓN CAPITAL CIRCULANTE

	1994		1993	
	AUMENTO	DISMINUCIÓN	AUMENTO	DISMINUCIÓN
Debedores a curto prazo	27.179.267	—	5.569.664	—
Acredores	—	3.706.479	4.140.138	—
Investimentos financeiros temporais	328.873.576	—	178.056.298	—
Tesouraría	—	150.685.469	65.035.912	—
Outras contas non bancarias	—	26.796	—	—
Axustes por periodificación	122.896	—	7.250.035	—
VARIACIÓNS DO CAPITAL CIRCULANTE	356.175.739	154.418.744	260.052.047	—
INCREMENTO DO CAPITAL CIRCULANTE	—	201.756.995	—	260.052.047

CONCILIACIÓN DO RESULTADO CONTABEL COS RECURSOS PROCEDENTES DAS OPERACIÓNS

	1994	1993
Resultado contabel do exercicio	52.020.521	139.327.777
Dotacións a amortizacións do inmovilizado	5.152.541	4.384.184
Dotacións a provisións financeiras	90.000.000	117.000.000
Dotacións autoseguro sobre participacións	693.388	668.261
Dotacións e amortizacións	95.845.929	122.052.445
Recursos procedentes das operacións	147.866.450	261.380.222

Ademáis practicáronse os axustes patrimoniais seguintes:

I. FONDO DE AMORTIZACIÓN DO INMOBILIZADO. APLICACIÓN Ó INMOBILIZADO MATERIAL	81.513	6.342.037
II. FONDO DE PROVISIÓNS FINANCEIRAS. APLICACIÓN A:	52.978.326	14.716.777
Participacións	18.568.731	13.852.385
Revaluacións das participacións	240.000	—
Préstamos	18.615.389	—
Debedores a curto prazo	15.554.206	864.392
III. DISTRIBUCIÓN DOS RESULTADOS DO EXERCICIO ANTERIOR	139.327.777	155.577.334
A reservas legais	13.932.778	15.557.733
A reservas voluntarias	32.478.507	36.171.757
A dividendos	92.916.492	103.847.844
IV. TRASPASOS ENTRE CONTAS:	6.300.000	—
De axustes por periodificación a debedores C/P.	6.300.000	—





Informe de xestión

INFORME DE XESTIÓN

1. CONDICIONANTES XERAIS E MAGNITUDES DESTACÁBEIS DO EXERCICIO.

O exercicio de 1994 caracterizouse por dous trazos fundamentais:

- Persistencia da situación de crise económica, e máis especificamente industrial, coas consecuencias de atonía na demanda de investimento, debilitamento na rentabilidade e orientación da actividade financeira cara a operacións de refinanciamento e consolidación.

- Agudización da caída dos tipos de xuro iniciada no segundo trimestre de 1993 que repercutiu en forma negativa e inmediata sobre a Conta de Resultados de SODIGA, aínda que supuxo un importante alivio financeiro para o mundo empresarial, como se manifesta na mellora da rentabilidade que parece apuntar a partir do último trimestre do ano 1994.

As consecuencias máis inmediatas do escenario descrito na actividade de SODIGA foron:

- Caída do investimento financeiro efectuado por SODIGA en tomas de participación e préstamos desde os 559 M.Ptas. de 1993 a 406 M.Ptas. en 1994.

- Caída no cash flow xerado e na cifra de resultados a 148 M.Ptas. e 52 M.Ptas. respectivamente, (261 M.Ptas. e 139 M.Ptas. en 1993).

A política da Sociedade nun panorama tan difícil como o descrito orientouse a extremar a prudencia nas operacións de investimento - criterio que non impediu subscribir participacións a risco, sen contrato de recompra- e o control de empresas participadas, co fin de instrumentar unha política de provisións axeitada.

O rigor despregado durante os últimos anos na política de cobertura de riscos mediante provisións permitiu diminuír as dotacións do exercicio a 91 M.Ptas., cunha caída de 27 M.Ptas. a respecto do exercicio anterior. Foi esta circunstancia, xunto cun comportamento aceptábel na facturación de servizos e nos custos incorridos, a que permitiu alcanzar unha cifra de resultados de 52 M.Ptas., que podemos calificar de aceptábel dadas as circunstancias.

Resumimos as grandes magnitudes representativas do exercicio:

- Investimento financeiro : 406 M.Ptas.; 55 M.Ptas. en participacións en capital e 351 M.Ptas. en préstamos.

- Desinvestimento financeiro : 523 M.Ptas.; 230 M.Ptas. en participacións e 293 M.Ptas. en préstamos. Adicionalmente procedeuse á cancelación contra provisións de 19 M.Ptas. de participacións e unha cifra igual en préstamos obxecto de desinvestimento.

- Cash flow xerado 148 M.Ptas., dos cais se destinaron 96 M.Ptas. a

dotacións a amortizacións e provisións ficando 52 M.Ptas. como cifra definitiva de resultados do exercicio.

2. ALGÚNS FEITOS DE SINGULAR RELEVANCIA.

O trazo máis importante do exercicio 1994 foi, con todo, a conclusión do acordo definitivo de transmisión de accións da Sociedade entre a Xunta de Galicia e Téneo.

O mencionado acordo supón a substitución de Téneo pola Xunta de Galicia como accionista maioritario da Sociedade mediante a compra de 1.683.006 accións por parte do IGAPE ó seu valor patrimonial ó cerramento do exercicio 93: 1.846.786.500 Ptas. Este compromiso comporta a transmisión ó IGAPE do 46,188% do capital de SODIGA, que complementa a fracción do 15,414% que ostentaba a Xunta o 31/12/93. A Administración Pública galega ostentará, en consecuencia, o 61,602% do capital social de SODIGA unha vez materializada no seu conxunto a operación de transmisión, feito que se produciu o 3/2/95.

O primeiro tramo da operación de compravenda materializouse durante o exercicio 1994, en data de 14 de xullo, mediante a compravenda de 735.623 accións, correspondentes ó 20,188% do capital. A Xunta dispuxo, pois, desde a data indicada dunha participación do 35,602% no capital de SODIGA.

Esta circunstancia contribuíu a intensificar a colaboración coas Consellerías Económicas da Xunta de Galicia, especialmente en materia de asesoramento e de análise de iniciativas empresariais.

Merece unha mención especial a subscripción dun Convenio de colaboración entre o IGAPE e SODIGA para a constitución e xestión dun Fondo Financeiro para Investimentos, formalizado o 27/12/94. Esta nova liña financeira, instrumentada como subvención oficial de capital, abre importantes perspectivas de ampliación da capacidade financeira e de actuación sobre o tecido empresarial galego por parte da nosa Sociedade.

No que respecta á actividade internacional de SODIGA, de importancia crecente no actual escenario de internacionalización decidida das relacións empresariais, compre destacar:

- A organización dunha Misión empresarial conxunta galaico-portuguesa á Bretaña.

- A asinatura dun Protocolo de Cooperación entre SODIGA e NORPEDIP en presenza do Presidente da Xunta de Galicia e do Ministro de Industria de Portugal.

- A presentación conxunta por parte de SODIGA e NORPEDIP dun Programa de Promoción e Investimento Industrial incorporado ó Programa transfronteirizo INTERREG da Unión Europea, actualmente pendente de aprobación definitiva.

3. ACTIVIDADE FINANCEIRA. INVESTIMENTO E DESINVESTIMENTO.

Fixemos xa referencia ás magnitudes agregadas de investimento e desinvestimento do exercicio 94: 406 M.Ptas. e 523 M.Ptas., que supoñen unha caída respecto ás correspondentes ó exercicio anterior.

As cifras anteriores crecerían en 83 M.Ptas e 95 M.Ptas. respectivamente caso de computarmos o investimento e desinvestimento en revaluacións accionariais pactadas durante o ano 1994.

A atonía da demanda solvente de investimento provocou unha nova contracción da carteira de investimentos en participación e préstamos vivos desde os 2.261 M.Ptas. a 31/12/93 a 2.106 M.Ptas. con que cerraba o ano 94.

Os movementos rexistrados na carteira de investimentos foron os seguintes:

CONCEPTO	Saldo da carteira a 31/12/93	Investimento	Desinvest.	Aplicacións	Sado da carteira a 31/12/94
Participacións	1.283	55	230	19	1.089
Préstamos	978	351	293	19	1.017
Revaluacións	83	83	95	—	71
TOTAL	2.344	489	618	38	2.177

O investimento financeiro en participación e préstamo materializouse en nove operacións:

EMPRESAS	PARTICIPACIÓN	PRÉSTAMO	TOTAL
1 - KIWI ATLÁNTICO, S.A.	—	6.873.000	6.873.000
2 - ANODIZADOS DE SABÓN, S.A.	10.000.000	50.000.000	60.000.000
3 - APROHIGASA	15.000.000	—	15.000.000
4 - MECAMOS, S.A.	—	20.000.000	20.000.000
5 - ENGASA	12.500.000	50.000.000	62.500.000
6 - BAJAMAR SÉPTIMA, S.A.	5.000.000	100.000.000	105.000.000
7 - FRINOVA, S.A.	—	90.000.000	90.000.000
8 - ORENSANA DE MADERAS, S.A.	—	33.775.000	33.775.000
9 - PARQUE EÓLICO DE MALPICA. S.A.	12.495.000	—	12.495.000
TOTAL	54.995.000	350.648.000	405.643.000

É pertinente sinalar que soamente a última operación reseñada, correspondente á primeira aportación de capital a un proxecto de parque eólico, é nova en sentido estricto; o resto das operacións corresponden a operacións de refinanciamento e ampliación.

En canto ás operacións de desinvestimento 457 M.Ptas. corresponden a compromisos de desinvestimento parcial e 66 M.Ptas. a desinvestimento de carácter definitivo.

Modalidade de desinvestimento	Participación	Préstamo	Total
Definitivo	45	21	66
Parcial	185	272	457
TOTAL	230	293	523

Entre as operacións de desinvestimento parcial destaca polo seu volume a correspondente a INTASA, por importe de 150 M.Ptas.

A efectos comparativos sintetizamos no seguinte cadro a evolución da actividade de investimento e desinvestimento rexistrada no último quinquenio, incardinándoa na orixe e aplicación de fondos executada en cada exercicio.

ORIXE :	1994	1993	1992	1991	1990
Cash flow xerado	148	261	295	267	224
Desinvestimento financeiro neto	529	585	724	808	384
Trasposos de préstamos a debedores	89	94	65	98	58
Diminución de Debedores a longo	35	107	(125)	67	30
APLICACIÓN :	801	1.047	959	1.240	696
Investimento material e inmaterial	18	10	1	13	4
Investimento financeiro	489	673	683	617	710
Incremento do capital circulante	201	260	202	555	(78)
Amortización de Obrigacións	—	—	—	—	60
Liquidación de dividendos	93	104	73	55	—

O ano 1994 mostra con claridade os efectos da caída xeneralizada dos tipos de xuro e a marcada atonía económica que caracterizou o exercicio.

A orixe e aplicación de fondos executada durante o quinquenio foi a seguinte:

APLICACIÓN		ORIXE	
Investimento	3.218	Desinvestimento financeiro neto	3.030
Incremento do capital circulante	1.140	Outras diminucións do inmovilizado	518
Liquidación de dividendos e da emisión de obrigacións	385	Cash flow xerado	1.195
TOTAL	4.743	TOTAL	4.743

Dous trazos merecen ser destacados da traxectoria máis recente de SODIGA:

- Elevada actividade financeira : A Sociedade rota o 80% - 90% do seu capital cada quinquenio.

- Notábel crecemento do circulante, especialmente materializado nas contas de tesouraría, practicamente coincidente co cash flow xerado.

4. RESULTADOS

O exercicio 94 cerrouse cun cash flow de 148 M.Ptas. e uns resultados de 52 M.Ptas., os máis baixos rexistrados pola Sociedade nos últimos seis anos.

A explicación reside na forte caída experimentada polos tipos de xuro ó longo de todo o exercicio.

A contracción de tipos respecto ó ano anterior, que superou os cinco puntos durante case todo o ano, se ben se foi amortiguando cara ó final do mesmo ó recoller a contracción de tipos rexistrada no último trimestre do ano 93, tivo un inmediato impacto sobre os rendimentos de tesouraría que se transmitiu de seguido ós rendimentos da carteira de inmovilizacións financeiras.

A totalidade dos custos ordinarios mantivéronse por debaixo dos experimentados no exercicio anterior tanto os de persoal e servizos externos como as dotacións a provisións.

Este último trazo confirma o rigor da política de provisións que orienta o tratamento valorativo da carteira da Sociedade.

A presentación xa habitual nos informes de xestión, con desglose do cash flow xerado pola actividade financeira de SODIGA e o accesorio, de índole complementaria, permite caracterizar con maior precisión o exercicio baixo o punto de vista da súa rentabilidade.

	1994	1993	1992	1991	1990
Ingresos financeiros	321	420	426	398	360
Gastos de persoal	(141)	(142)	(140)	(133)	(130)
Gastos varios	(67)	(65)	(57)	(47)	(35)
Cash flow ordinario	113	213	229	218	195
Ingresos por servizos e subvencións	38	38	64	31	19
Ingresos extraordinarios netos	6	16	21	14	18
Indemnizacións	(9)	—	(14)	(6)	—
Gastos financeiros	—	—	—	—	(8)
Impostos	—	(6)	(5)	10	—
Cash flow accesorio	35	48	66	49	29
Cash flow total	148	261	295	267	224
Amortizacións	(5)	(4)	(5)	(5)	(9)
Provisións específicas	(91)	(118)	(95)	(95)	(100)
Provisións xenéricas	—	—	(39)	(36)	—
Dotacións	(96)	(122)	(139)	(136)	(109)
Resultados	52	139	156	131	115
a Dividendos	—	93	104	73	55
a Reservas	52	46	52	58	60

Unha visión comparativa dos factores de formación dos resultados permite pór de manifesto a forte caída dos ingresos financeiros, transmitida na súa integridade ó cash flow ordinario xerado. Igualmente se observa unha contracción dos ingresos e do cash flow de carácter accesorio. Ambas circunstancias deron orixe a unha importante contracción do cash flow xerado, parcialmente amortiguada polo satisfactorio comportamento das dotacións a provisións.

5. DISTRIBUCIÓN DE RESULTADOS.

Na súa reunión anual de data 26 de maio de 1995, a Xunta Xeral de Accionistas decidiu destinar a dividendos 10.931.352 Ptas., equivalente ó 0,3% do Capital Social, consoante coa seguinte distribución de resultados:

Base de reparto	Importe en Ptas.
Resultados do Exercicio 1994	52.020.521
Distribución	
A reserva legal	5.202.052
A reservas voluntarias	35.887.117
A dividendos	10.931.352
TOTAL	52.020.521

EMPRESAS MÁIS SIGNIFICATIVAS PARTICIPADAS POR SODIGA

EMPRESA	DOMICILIO SOCIAL	ACTIVIDADE	CAP.SOC. (M pts)	% PART.
Acuinova Galicia, S.A.	R./ José Fdez López - Chapela - Redondela (PO)	Cultivo, produc. e comerc. produtos do mar	581,46	24,080
Adegas das Eiras, S.A.	Estr. Tui- A Guarda, Km. 46 - O Rosal (Ponte.)	Elaboración e comerc. de viños de calidade	228,10	3,950
Anodiz. de Sabón, S.A.	Polígono de Sabón - Arteixo (A Coruña)	Anodizado perfís de aluminio	94,84	10,540
Aprovech. Hidr. Galicia, S.A.	Avda. La Habana, 24 - Ourense	Producción enerxía	225,00	20,000
Bajamar Séptima, S.A.	Arteixo (A Coruña)	Fabricación e elaboración de pizzas	600,00	5,000
Bodegas Vilarinho-Camb., S.A.	San Adrián de Vilarinho - Cambados (Pontevedra)	Elaborac. e comercialización de viños Albariño	274,42	4,220
Dinak, S.A.	Camiño do Laranxo, s/n. Vigo (Pontevedra)	Fabricac. e comerc. chemineas modulares	80,00	25,000
Econoler, S.A.	San Andrés, 56 - 7º C. - (A Coruña)	Servizos xestión aforro enerxía	67,00	7,460
Energía de Galicia, S.A.	R./ Romero Donallo, 9 C - Santiago (A Coruña)	Producción de enerxía	245,50	5,090
Eurobandas, S.A.	Ribadelouro - Tui (Pontevedra)	Fabricac. e comerc. de lousas de granito modular	75,00	24,987
Ferroplast, S.L.	R./ Alcalde Portanet, s/n. Vigo (Pontevedra)	Fabricac. antig. metálicos e plásticos para autom.	105,20	0,470
Fomento Habit., S.A.	Salvaterra do Miño (Pontevedra)	Xest. asistencial socio-sanitaria para anciáns	12,50	20,000
Forestal del Atlánt., S.A.	Punta Promontorio, s/n. Mugardos (A Coruña)	Fabricación de colas-resinas	400,00	12,500
Frinova, S.A.	Pol. Ind. As Gándaras de Budiño - O Porriño (PO)	Fabricación e elabor. produtos precociñados	1.500,00	6,000
Galea de Granitos, S.A.	Estrada Pontellas, s/n.O Porriño (Pontevedra)	Elaboración de granito	82,00	18,290
Galicia Manzanera, S.A.	Pol. As Gándaras de Budiño - O Porriño (PO)	Produc. sidra, zume e derivados de mazá	220,00	6,820
Gest. Energ. de Galicia, S.A.	R./ Hórreo, 94 -entlo esqda- Santiago (A Coruña)	Servizos de xestión e aforro de enerxía	10,57	42,570
Granitos de Atios, S.A.	Pol. As Gándaras de Budiño - O Porriño (PO)	Aserrado e pulido de granito para a construción	240,00	8,333
Industrias del Tablero, S.A.	San Sadurniño (A Coruña)	Fabricación de taboleiros media densidade	1.800,00	16,670
Insuñia, S.A.	Ardia - O Grove (Pontevedra)	Producción de rodaballo	13,14	21,080
Kiwi Atlántico, S.A.	Ribadumia (Pontevedra)	Explotación, industr. e comercialización kiwi	77,33	10,350
Lamcol Orense, S.A.	Pol. A Uceira -O Carballiño (Ourense)	Fabricación e montaxe de madeira laminada colada	210,00	4,760
Magaplast, S.A.	O Cerquido - Salceda de Caselas (Pontevedra)	Trans. manipulac. e comercialización de polietileno	60,00	25,000
Mecamos, S.A.	Tameiga - Mos (Pontevedra)	Fabricación utilaxe de aceiro	16,00	25,000
Nak Electronics, S.A.	Avda. Castelaio, 73 - Vigo (Pontevedra)	Fabricación e comerc. de sistemas eléctricos	14,00	28,571
Neoplástica España, S.A.	Salceda de Caselas (Pontevedra)	Producción de láminas de plástico de polipropileno	200,00	24,970
Norconsult, S.A.	R./ Fernando Macías, 13 (A Coruña)	Prestación de serv. para a xestión empresarial	30,00	13,333
Orensana de Maderas, S.A.	Pol. A Uceira -O Carballiño (Ourense)	Aserrado de madeiras	415,00	12,050
P. Eólico de Malpica, S.A.	R./ Hórreo, 94 - entres. - Santiago (A Coruña)	Promoción e explotación parque eólico	87,50	14,290
Rodman-Polyships, S.A.	Ríos - Teis - Vigo (Pontevedra)	Construc. e reparac. de barcos	1.000,00	5,000
Termojet, S.A.	Avda. Aeroporto de Vigo, 119 - Mos (PO)	Fabricación e comerc. de bens de equipamento	40,00	25,000
Unión de Distr. Elec.S.A.	Avda. de Lugo, 125 - 2º C - Santiago (A Cor.)	Distribución de enerxía eléctrica	100,00	30,000

EMPRESAS MÁIS SIGNIFICATIVAS DESINVESTIDAS POR SODIGA

EMPRESA	DOMICILIO SOCIAL	ACTIVIDADE
Afianzamiento de Galicia, S.A.	R/. San Andrés, 56 - 2º (A Coruña)	Avales para a pequena e mediana empresa
Antonio Bandeira, S.A.	Redondela - (Pontevedra)	Elaboración e embotellado de viños
Aspol, S.A.	Ourense	Fabricación e comercialización de colchóns
Boanova, S.A.	Chapela - Vigo (Pontevedra)	Pesca e comercialización de peixe
Bodegas Salnesur, S.A.	Bouza - Castrelo - Cambados (Pontevedra)	Elaboración e comercialización de viño albariño
Caolinos de Vimianzo, S.A.	Madrid	Explotación caolins e arxilas
Centro Microfilmación Galicia, S.A.	A Coruña	Prestación de servizos microfilmación
Complejo de Industrias Lácteas, S.A.	Nadela (Lugo)	Fabricación produtos derivados do leite
Conductores Eléctricos de Galicia, S.A.	Estrada Puxeiros a Peinador - Vigo (Pontevedra)	Fabricación conductores eléctricos
Conservas Carballo, S.A.	Praia de Arealonga - Redondela (Pontevedra)	Conservas de peixe
Energía de Galicia, S.A.	R/. Romero Donallo, 9 - C - Santiago (A Coruña)	Explotación central hidroeléctrica
Envases del Atlántico, S.A.	Vilagarcía (Pontevedra)	Fabricación e venda de envases de aluminio
Facet Ibérica, S.A.	A Coruña	Fabricación e comercialización de filtros
Forjas de Galicia, S.A.	Polígono San Cibrao de Viñas - Ourense	Forxa e estampación
Gallega de Mecanizados, S.A.	Polígono do Tambre - Santiago (A Coruña)	Fabricación de semielaborados
Granitos Ibéricos, S.A.	Peinador - Mos (Pontevedra)	Aserrado e pulido de granito para ornamentación
Hidroeléctrica de Forcadás, S.A.	A Coruña	Explotación central hidroeléctrica
Hypor Ibérica, S.A.	R/. Durán Loriga, nº 9 - 4º D. (A Coruña)	Cría de gando porcino
Ibérica de Autocares, S.A.	Polígono de Bamio - Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)	Fabricación vehículos sobre plataformas autoportantes
Incipresa	Mos (Pontevedra)	Fabricación de equipos e vehículos contra incendios
Industrias de Rocas Ornamentales, S.A.	Trigal - Sobradelo de Valdeorras (Ourense)	Investigación, extrac. e elaboración de lousa
Kiwi de Galicia, S.A.	Mondariz (Pontevedra)	Producción, industrialización e comercialización de kiwi
Lácteas del Atlántico, S.A.	Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)	Producción e comercialización de produtos derivados do leite
Lignotock Galicia, S.A.	Pol. Industrial As Gándaras de Budiño -O Porriño (PO)	Fabricación e comercialización de prod. para o automóbil
Matricería Galega, S.A.	Camiño Gandarón, s/n. Vigo (Pontevedra)	Construcción e venda de utillaxe e matricería
Motores M.W.M., S.A.	Polígono Industrial As Gándaras de Budiño -O Porriño (PO)	Fabricación de motores Diesel
Norcontrol, S.A.	Mª Luisa Durán Marquina, 20 - A Coruña	Inspección e control de calidade
Norsistemas, S.A.	R/. María Luisa Durán Marquina, 20 - (A Coruña)	Explotación servizos informática e telemática
Perfiles de Aluminio, S.A.	Polígono de Sabón - Arteixo (A Coruña)	Fabricación extruídos aluminio
Plásticos y Desarrollos, S.A.	O Cerquido, Km. 22 - Estr. Porriño - Salceda (Pontevedra)	Transformac. manipulac. e comercialización de plásticos
Polipropileno de Galicia, S.A.	Pol. Ind. A Gándara - Narón (A Coruña)	Transformación, manipulación e comercialización de plástico
Polyships, S.A.	Ríos - Teis - Vigo (Pontevedra)	Construcción e reparación de barcos
Promoc. Granjas Compl. Terneros Gall, S.A.	R/. A Rosa, 33 - Santiago (A Coruña)	Cría e engorde de tenreiros
Promotora del Ulla, S.A.	R/. San Pedro de Mezonzo, 37 - 2º A. - Santiago (Coruña)	Explotación forestal
Quesos de Galicia, S.A.	R/. Linares Rivas, 27 - 1º (A Coruña)	Elaboración e comercialización de produtos derivados do leite
Quival, S.A.	Fragas - Campolameiro (Pontevedra)	Elaboración e comercialización de froitos secos
Rodman, Construc. Navales e Ind., S.A.	Estrada de Puxeiros - Mos (Pontevedra)	Fabricación de embarcacións en fibra de vidro
Soc. de Gar. Recíp. de Pontev., S.G.R.	R/. Mª Berdiales, 7 - entreplanta - Vigo (Pontevedra)	Avales para a pequena e mediana industria e comercio
Suelo Industrial de Galicia, S.A.	Rúa do Vilar, 15 - 1º Santiago (A Coruña)	Preparación solo industrial
Tasa Galicia, S.A.	Avda. Linares Rivas, 28-30 (A Coruña)	Valoración e taxación
Técnicas y Seg. Indust. y Naval, S.A.	A Coruña	Fabricación de material contra incendios
Trefilería y Galvanizados, S.A.	A Coruña	Transformados por trellado de aceiros e metais
Troqueles y Moldes de Galicia, S.A.	Polígono do Tambre - Santiago (A Coruña)	Fabricación de moldes, troqueis e utillaxes de precisión
Unión Técnico Ganadera, S.A.	Emilia Pardo Bazán, 22 - 1º B. A Coruña	Fabricación de penos
Unión Carrocera, S.A.	Avda. de Zamora, Km. 551,1 - Ourense	Fabricación carrocerías para autocares
Vehículos Especiales Uro, S.A.	Vía Edison, 17 - Pol. do Tambre - Santiago - (A Coruña)	Fabricación de vehículos especiais todo terreo



Sodiga

158 empresas participadas

SOCIEDADE PARA O DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL DE GALICIA

Rúa Ourense, 6 (A Rosaleda) Apdo. 186

Tel. (981) 56 61 00 - Telefax (981) 56 61 83

15701 - SANTIAGO DE COMPOSTELA (España)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA